

## Saúdo dos Mozos

Xa volve a *Festa dos Mozos*. Doutra volta, a *Mocidade* de Beluso afronta a organización dunha festa que, pouco a pouco, recupera a tradición festeira da nosa parroquia e volve contar coas simpatías e apoios doutros tempos.

As ilusións que desde un principio puxemos na *Festa* do ano pasado, compensaron con creces o esforzo continuo que levamos ao longo dos anteriores 9 meses: un día completo de festa no que as actuacións de *Chouteira e América SL* fixeron disfrutar *a tope* a todo o público, e no que a recuperación da *Procesión* e os *Vivas* concentraron a un gran número de veciños de Beluso, participando na rúa de todos os actos que organizamos.

Os obxectivos deste ano son os de que veña máis xente á festa, aumentando os días de festa (este ano xa son dous) e traendo a Beluso aos grupos de música más importantes que os cartos poden dar. Queremos que aquí toquen grupos de todas as tendencias musicais, e neste se basa a oferta deste ano. No primeiro día actuarán *Fiandola* (Santiago de Compostela) e *Os Carunchos* (Vigo), como representantes da música folg., e a banda de roncanrol madrileña *La Cabra Mecánica*. O segundo día teremos á Orquestra *Máster* (Pontevedra) e ao grupo de música popular *Os Cempés* (Ferrol). Na *Festa* do 98 xa recuperamos os antigos *Vivas* e, seguindo coa intención de incorporar outras manifestacións tradicionais da cultura popular galega, decidimos traer a un par de *regueifeiros* (*Luis o Caruncho e Pinto de Herbón*): manterán unha conversa na que se *picarán* o un co outro, da mesma maneira en que se meterán coa xente do público, buscando ese ambiente de compadreiro e veciñanza sana que antigamente había nas festas.

Pero sí hai unha cousa que, e xa desde este ano, queremos recuperar dunha vez para sempre: a participación masiva de todos os *Mozos* de Beluso. Que esta festa sexa verdadeiramente da *Mocidade* da parroquia: mozos que pidan polas casas, que poñan lazos e que participen na organización dos concertos e que elaboren o programa da *Festa*. Que a *Festa dos Mozos* sexa xa a *Festa de Todos os Mozos*. O empurrón de inicio démolo, hai xa dous anos, os membros da *Asociación Xuvenil Mozas e Mozos de Beluso*, poñendo todas as nosas ilusións e esforzos en facer un bó traballo. Na *Festa* tratamos de poñer en práctica o proxecto co que nacemos: recuperar unha cultura popular cáseque esquencida, tratando de aprender e ensinar o traballo en común e procurando que non se perda esa amizade entre os veciños *por non falar*. Queremos recuperar a solidariedade parroquial que foi característica de todos os habitantes de Beluso, e que ten os

seu máximo expoñente na *Casa do Pobo* que entre todos construiron (construimos) no 1934. Sempre é difícil expresar total e claramente o que se quere decir, neste caso, e como coincidimos plenamente co que eles dín, imos facer noso un fragmento do Manifesto dos *Sem Terra* (Brasil).

*"Creemos em uma escola que acorde os sonhos da nossa juventude, que cultive a solidariedade, a esperança e o desejo de aprender, ensinar e transformar o mundo".*

